

## CONFLITO LINGÜÍSTICO

### AS FUNCIONS SOCIAIS DUNHA LINGUA

As funcións sociais dunha lingua son en realidade funcións xerais de relación social realizadas mediante a lingua. Entre as distintas maneiras en que unha lingua pode concretar a función comunicativa no seo dunha sociedade salientamos as seguintes:

**Función de identidade.** A lingua opera como vehículo de articulación interior do pensamento propio.

**Función familiar.** A lingua fálase na casa, de portas a dentro, cos pais, cos irmáns. Repárese en que a familia é o espazo da primeira socialización, aquela en que o individuo aprende parte das pautas que gobernarán a súa vida adulta, incluídas as lingüísticas. Entre nós, o galego sobreviviu como lingua familiar durante séculos. Fóra da casa, os adultos falaban galego só ás veces (dependendo do contexto e do interlocutor: *diglosia*) ou nunca.

**Función laboral.** A mudanza da lingua familiar no ámbito laboral acontece adoito en lugares onde existen varias linguas en contacto. Un exemplo clásico é o da secretaria portorriqueña que, na cidade de Nova York, emprega o castelán para falar por teléfono coa familia.

**Función local.** O idioma emprégase con normalidade nos contactos diarios entre persoas do mesmo contorno (amigas, veciñas, coñecidas). En Galicia, o cambio de lugar de residencia carrexou durante moito tempo unha mudanza de lingua, de xeito que cando os habitantes do rural marchaban á capital cambiaban o galego polo castelán.

**Función institucional.** Un idioma cumpre a función institucional cando é empregado polos cidadáns para se comunicaren coas institucións políticas e administrativas. En determinados ámbitos (o xudicial, por exemplo), a presenza do galego segue a ser aínda cativa. Noutros, algúns persoeiros, empregan o galego en público de maneira notoriamente artificial ("galego litúrxico").

**Función cultural.** A lingua cumpre esta función cando é empregada non só por aquelas persoas que a aprenderon orixinariamente como lingua inicial (L1) senón por cidadáns doutros países que a aprenderon voluntariamente como segunda lingua (L2). Parte da relevancia que o inglés mantén nos nosos días como lingua de cultura internacional apréciase na cantidade de individuos de orixinaria non inglesa que se esforzan en aprendelo como L2.

## CONFLITO LINGÜÍSTICO

En xeral, enténdese por conflito lingüístico a disputa entre dúas linguas por desempeñar todas as funcións posibles nun mesmo territorio. O conflito lingüístico é unha situación derivada do *contacto de linguas* e, como tal, non pode estudarse desligado das causas históricas que o orixinan. Así, á hora de analizar o conflito entre dúas variedades lingüísticas haberá que reflexionar previamente sobre os motivos que conduciron a que nese territorio existan dúas (ou máis) linguas.

As causas máis comúns de que nun territorio coexistan varias linguas son tres:

a) procesos de expansión e de unificación política, b) presión cultural e económica, c) movementos migratorios.

En Galicia, a presenza do castelán non pode desligarse da política de uniformización lingüística promovida pola Coroa de Castela dende finais do século XV. Entre as consecuencias máis evidentes deste proceso está o feito de que o castelán comezou a desprazar o galego dos usos públicos que ata daquela viña desempeñando en solitario, relegando a lingua de noso ao ámbito privado e familiar. Esta imposición lingüística provocou, co paso do tempo, a idea de que o castelán, que era a lingua dos usos elevados, era mellor e máis importante (lingua Alta, *lingua A*) cá propia dos galegos. Paralelamente, a lingua galega, reclusa á oralidade menos prestixiada, pasou na conciencia dalgúns falantes a considerarse inferior (lingua Baixa, *lingua B*).

Cando o contacto entre dúas linguas nun territorio deriva nunha situación de conflito lingüístico, dúas son as saídas posibles: ou ben unha lingua termina por facer desaparecer completamente á outra (*substitución lingüística*) ou ben se emprenden procesos que permitan a convivencia de ambas as linguas (*normalización lingüística*).

## PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS

Como institucións sociais, as linguas non son alleas aos estereotipos, aos prexuízos ou ás valoracións negativas. Todas estas ideas preconcebidas inflúen, á súa vez, na percepción e nos usos lingüísticos dos cidadáns, que poden mesmo provocar nalgúns galegos un complexo de inferioridade con respecto á súa lingua inicial (autoodio).

Entre os prexuízos que existen sobre a lingua galega hai algúns que veñen xa de vello (o galego é lingua de pobres, ou lingua de pailáns), pero hainos tamén modernos, resultado do proceso de estandarización (o galego dos libros non o entendo). Vexamos algúns dos máis estendidos:

**O galego é lingua de pobres.** A natureza socioeconómica deste prexuízo resulta patente, á parte da evidencia de que hai pobres que nunca falan outra cousa ca castelán e empresarios que dirixen as súas compañías (Castromil, Sargadelos, Terras Gauda) sen renegaren do galego.

**O galego é lingua de aldeáns.** Este prexuízo, que fai de menos os habitantes do rural (asociándoos con atraso, rusticidade, incultura ...), perde cada día máis forza, coas aldeas cada vez máis abandonadas e sen xente. Trátase, ademais, da versión lingüística dun estereotipo presente, de antigo, en todo o mundo occidental, aquel que considera todo o da aldea bruto e ruín e, á inversa, todo o da cidade refinado e vantaxoso.

**O galego non serve fóra de Galicia.** Tampouco o noruegués fóra de Noruega, e non por iso os noruegueses deixan de falar o seu idioma. Idiomas "para fóra" inventáronse algúns, por exemplo o *esperanto*, que non prosperaron porque ninguén os sente como propios. Pénsese ademais que nunca a cultura galega brillou tanto como na Idade Media, cando o galego era a lingua de todos, dende o rei ata o máis humilde dos vasallos, e mesmo era adoptada por individuos doutras nacións para escribiren poesía lírica.

**O galego é un idioma imposto.** Sobre a afirmación de que o galego é un idioma "imposto" en determinados ámbitos de uso (na escola, na administración ...) cómpre aclarar dúas cousas. Por unha parte o paradoxal de "impoñer" un idioma no seu territorio propio, máxime cando aínda conserva maioría de falantes e, pola outra, a

pretensión de facer pasar leis aprobadas por unanimidade no Parlamento de Galicia (como a Lei de Normalización Lingüística de 1983 ou o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega de 2004) por leis impostas por unha minoría política.

**O galego estándar é un idioma inventado.** Claro que o é, como todos os estándares do mundo. A rapaza de Liverpool que chega á escola en Infantil xa fala inglés; pero na escola aprenderá outro inglés, o estándar, parcialmente distinto do que traía da casa no momento de se incorporar ao sistema educativo. E parcialmente distinto tamén do inglés que falan os habitantes de Liverpool que nunca foron á escola (ou foron moi pouco).

O problema é que a algúns o galego non lles serve de ningunha maneira; o aprendido na casa por chapurrao, rústico e castrapeiro e o estándar por "inventado" e artificial. Se regresamos ao exemplo da rapaza de Liverpool, é moi posible que tamén ela, ou os adultos cando a axuden cos deberes escolares, teñan que botar man do dicionario algunha vez porque descoñecen o significado dunha palabra. O problema non reside en que a rapaza ou os adultos que a axudan non saiban inglés, o que sucede é que descoñecen aquela palabra que figura naquela páxina daquel libro de Física. Pero iso non os leva a afirmar que o inglés do libro de Física é un inglés inventado.

En síntese, o repertorio de prexuízos que existen sobre o galego non é moi distinto dos prexuízos que existen sobre outros idiomas noutros lugares do mundo.

Afortunadamente, estereotipos negativos sobre a lingua como os arriba comentados están en retroceso, sobre todo entre os galegos máis novos. Mellor informados ca moitos dos seus maiores, non cren que o galego sexa un idioma que só falan os pailáns, nin consideran tampouco que o proceso de normalización da lingua galega sexa resultado da imposición violenta dunha minoría política fanatizada. Saben tamén que non se van poñer ricos só por nunca volveren falar unha palabra de galego e, dende logo, non pretenden que os libros só empreguen as palabras.

**Castelán:** Lingua Alta, lingua A; lingua de ricos, urbana, lingua internacional, natural da escola, estándar non inventado, de xente nova, de xente normal, refinada, futuro, culta, prestixio, progreso.

**Galego:** Lingua Baixa, lingua B; lingua de pobres, rural, lingua local, imposta na escola, estándar inventado, de vellos, de nacionalistas fanáticos, basta, pasado, vulgar, marxinação, atraso.

## LINGUAS MINORITARIAS. A NORMALIZACIÓN DO GALEGO

Para a descrición das linguas que comparten territorio, en inferioridade de codicións cun estándar oficial, empréganse varias denominacións. Unha das máis estendida sé a de *lingua minoritaria*, aplicado no nosa contorno a aquelas variedades lingüísticas sen estado que sobreviven nos países da Unión Europea baixo a presión dos grandes estándares oficiais. Parece necesario aclarar, con todo, que a variable cuantitativa, a que permite catalogar as linguas segundo a existencia dunha cantidade maior ou menor de falantes, nin é a única nin resulta sempre a máis relevante á hora de estudar a realidade social dunha lingua. O islandés, cos seus pouco máis de 300.000 falantes, unha lingua minoritaria no conxunto europeo que goza, non obstante, de todos os privilexios que se derivan da súa condición de idioma oficial da República de Islandia. Pero dende un punto de vista sociolingüístico, as linguas non se valoran

soamente en termos numéricos, senón que cómpre tomar en cona outros valores, entre eles a consideración social de lingua A ou lingua B, a existencia ou non do recoñecemento legal de lingua oficial, a atribución de valor simbólico ou as funcións sociais que desempeña. O galego, un idioma falado por máis de dous millóns de persoas que nunca perdeu a condición de lingua *maioritaria* no seu territorio propio, padeceu durante séculos unha marxinación que o mantivo afastado dos usos institucionais e oficiais e relegado á condición de lingua oral familiar. De aí que para a descrición de situacións sociolingüística como a vivida polo galego ata non hai moito se acuñasen denominacións como as de *lingua dominada*, *lingua sometida* ou *lingua minorizada*.

O multilingüismo que caracteriza o mundo ofrece infinidade de exemplos ben distantes do esquema "un país-unha lingua", e presenta realidades moi distintas (e distantes) desa fórmula abstracta á que algúns pretenden reducir o panorama lingüístico universal. Dentro e fóra de Europa, o contexto máis común resulta ser, pola contra, o de varias linguas coexistires nun mesmo país (*contacto de linguas*). Cando o contacto se produce entre un dos grandes estándares europeos e unha "lingua sen estado", a situación máis frecuente é a da lingua de fóra, imposta como lingua oficial, gozar dunha posición hexemónica (dominante) con respecto á lingua propia do territorio, que se ve obrigada a sobrevivir como lingua subordinada (dominada) nos ámbitos de uso socialmente menos prestixiados. Esta limitación funcional da lingua dominada adoita chamarse *minorización* e, a lingua que a padece, *lingua minorizada*.

En sentido contrario, empréganse os nomes de *lingua dominante* ou *lingua hexemónica* para o estándar imposto preponderante. Esta presión constitúe en ocasións unha ameaza real para a súa supervivencia, de aí que os casos máis graves sexan etiquetados cun término proveniente da bioloxía e da ecoloxía: *linguas en perigo de extinción*.

Como podes ver no mapa da páxina seguinte, a existencia de linguas minorizadas é unha realidade xeral na Europa comunitaria que se fai presente en case todos os estados.

## LINGUAS MINORIZADAS E LINGUAS MINORITARIAS.

A efectos prácticos, podemos considerar *linguas minoritarias* aquelas que no territorio de seu teñen un número realmente reducido de falantes (o aragonés en Aragón, por exemplo). Pola contra, catalogaremos como *linguas minorizadas* aquelas variedades lingüísticas de pequena extensión pero claramente maioritarias no seu territorio propio. Conforme a esta diferenciación, á lingua galega acáelle mellor a etiqueta de lingua minorizada cá de lingua minoritaria, pois aínda que no conxunto de España os españois que falan galego son menos en número cós que falan castelán, o galego é a lingua maioritaria no seu territorio propio, a Comunidade Autónoma de Galicia.

O adxectivo *minorizada* implica unha serie de factores extralingüísticos (marco legal, consideración social, funcións sociais toleradas ...) que condicionan a idea que os falantes teñen e seu idioma e poden pexar a futura normalización da lingua dominada. Acontece adoito que os usuarios da lingua minorizada, ao vela limitada funcionalmente e apartada dos usos prestixiados chegan a considerala unha lingua menor (lingua B) fronte ao estándar da lingua hexemónica (lingua A). Cómpre salientar, ademais, que unha mesma lingua pode ser hexemónica no seu territorio e padecer minorización fóra das súas fronteiras políticas, como acontece co castelán nos Estados Unidos, o inglés nas illas Bonin (Xapón), o alemán en Chequia, o francés en Italia, o ruso en Lituania ou o húngaro en Austria e Romanía.

## A NORMALIZACIÓN DO GALEGO

Como sabemos, o enfrontamento pola primacía social entre un idioma hexemónico e unha ou máis linguas minorizadas (*conflicto lingüístico*) só coñece dúas saídas posibles: ou o idioma chegado de fóra acaba por exterminar a lingua do lugar (*substitución lingüística*), que foi o que aconteceu, por exemplo, en moitos lugares de América do Norte, ou son establecidas medida legais, políticas, sociais e lingüísticas para a recuperación do idioma marxinado que posibilite a posterior convivencia harmónica de ambas as linguas (*normalización lingüística*).

O proceso mediante o cal unha lingua allea consegue eliminar por completo a lingua do territorio de todos os ámbitos de uso (*substitución lingüística*) pode durar séculos, e a situación de conflito mantense mentres non se consuma a erradicación definitiva da lingua minorizada. O proceso contrario, a *normalización lingüística*, avanza cara á superación do enfrontamentos entre linguas mediante a reorganización dos usos sociais, co obxectivo de reconducir o conflito por vieiros de recuperación.

Dentro da teoría xeral das interaccións entre lingua e sociedade, a normalización procura o restablecemento do uso dunha lingua que nalgún momento da súa historia perdeu a súa condición de lingua habitual da comunidade pola imposición dunha lingua chegada de fóra a consecución, mediante dinámicas socioculturais e político-administrativas, dunha redistribución funcional que permita que á lingua dominada recupere a súa plena vixencia social. Deste xeito, o idioma noutro tempo marxinado polo estándar hexemónico recupera prestixio e uso real en todos os niveis e funcións no seo da súa comunidade lingüística propia, incluídos aqueles máis elevados dos que fora desprazada polo idioma traído de fóra.

O galego chega ao século XXI con presenza en todos os ámbitos e emprego real en todas as funcións da sociedade que constitúe o seu espazo cultural natural. Sobreviven, porén, certas tendencias de uso que impiden, polo de agora, poder considerar rematado o proceso de normalización. Entre elas, algunhas que manteñen nos nosos días atribucións de valor simbólico propias de épocas pasadas, en que o galego era a lingua das clases sociais máis desfavorecidas e o castelán a da minoría que ocupaba o poder, e, con base nelas, seguen a interpretar o espazo sociolingüístico coa fórmula lingua A fronte á lingua B, considerando o galego unha lingua máis acaída para falar con amigos e familiares, na aldea e con xente de máis idade, e o castelán a lingua que debe empregarse de maneira preferente no comercio, na igrexa, no xulgado, na universidade e, en xeral, nos intercambios sociais máis formalizados.

Outra tendencia preocupante era a que, ata aínda non hai moitos anos, sinalaba un retroceso lento pero continuado do galego como lingua primeira dos galegos:

Maiores de 65 anos: 82 %  
Entre 26 e 35 anos: 51 %  
Entre 16 e 20 anos: 34 %

Os datos da táboa anterior pertencen ao *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, un informe detallado sobre os usos lingüísticos do país recollido en 1992. Como podemos observar, a porcentaxe dos que falan galego decrece de maneira drástica conforme diminúe a idade das persoas. Dende o 82% que se rexistra nos maiores de 65 anos cae ata un 34% nos galegos e nas galegas con idades comprendidas entre os 16 e os 20 anos, de maneira que, de non mudaren os indicadores, a situación evolucionaría de maneira moi negativa para o galego, xa que un descenso tan severo do número de falantes podería mesmo facer perigar a propia supervivencia da lingua. Aínda que estudos

posteriores confirman un estancamento actual daquela tendencia rexistrada en 1991, a creba do proceso que transmitía o idioma de pais a fillos segue a constituír unha seria ameaza para o futuro da lingua.